




Concello da Coruña

Area / Unidade CONTRATACION CT0000 JPU	Documento 43018102XT	
Código de verificación  164S 7320 2T1T 0C3W 00OZ	Expediente 237/2024/65	
	Data 12-08-2024	

Asunto CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DO 2 DE AGOSTO DE 2024. APERTURA SOBRE 1 DECLARACIÓN RESPONSABLE E PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN RESPONSABLE E PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZO DE VALOR. SERVIZO DENOMINADO ESCOLA INTERCULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIO EDUCATIVA E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS SOCIAIS, CULTURAS E LINGÜÍSTICAS DESTINADO Á POBOACIÓN MIGRANTE DA CORUÑA	Interesado
--	------------

Dona BERTA MARÍA FERNÁNDEZ ESPANTOSO, xefa de Sección do Servizo de Contratación e secretaria da Mesa de Contratación do Concello da Coruña,

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación do 2 de agosto de 2024 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5. APERTURA SOBRE 1 DECLARACIÓN RESPONSABLE E PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZO DE VALOR

5.2. – Licitación 237/2024/65

Servizo denominado “Escola Intercultural” para o desenvolvemento de actividades de dinamización socio educativa e adquisición de competencias sociais, culturais e lingüísticas destinado á poboación migrante da Coruña

A Secretaria suplente informa das proposicións recibidas e do nome das licitadoras presentadas ao procedemento para a licitación do Servizo denominado “Escola Intercultural” para o desenvolvemento de actividades de dinamización socio educativa e adquisición de competencias sociais, culturais e lingüísticas destinado á poboación migrante da Coruña:

Número un.- CHÍOS FORMACIÓN SL

Número dous.- SARARTE SL

Finalizada a apertura das proposicións, a Mesa de Contratación procede á cualificación da documentación administrativa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares de conformidade co establecido no art. 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; a Secretaria suplente da Mesa de Contratación certifica neste acto, para os efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que as licitadoras CHÍOS FORMACION SL e SARARTE SL presentaron toda a documentación administrativa correctamente, e, en consecuencia, a Mesa de Contratación acorda admitir a ambas as dúas licitadoras por achegar toda a documentación esixida.

A Mesa de Contratación acorda, así mesmo, publicar o resultado desta apertura no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste procedemento.



Concello da Coruña

A continuación, a Mesa de Contratación, a proposta do Presidente Suplente, acorda unanimemente remitir as ofertas ao Servizo de Contratación, a efectos de que se emita o correspondente informe de valoración previo á apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula, nun prazo de 7 días.

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.

A Coruña, na data da sinatura dixital do presente documento.

VºBº

A secretaria suplente da Mesa

Berta María Fernández Espantoso

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada